

**REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO EN MATEMÁTICAS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO de COMPOSTELA
(Xunta de Facultade 9 – xullo - 2010)**

O *Real Decreto 1393/2007*, de 29 de outubro, no seu artigo 12, establece que as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa dun *Traballo Fin de Grao*, que deberá realizarse na fase final dos estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

Nas *Liñas Xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007* sinalase que o Traballo de Fin de Grao só poderá inscribirse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

Na *Resolución Reitoral do 18/05/10*, pola que se regula a realización do Traballo de Fin de Grao na Universidade de Santiago de Compostela, establécese que para a presentación e defensa pública dos traballos fin de grao será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao.

No *Plan de Estudos do Grao en Matemáticas* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 12 créditos.

Artigo 1. Obxecto

Regular o proceso de realización e presentación dos Traballos de Fin de Grao no Grao en Matemáticas.

Artigo 2. Contidos dos TFG

O Traballo de Fin de Grao é un traballo autónomo e individual de cada estudante. Consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

Artigo 3. Funcións da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos

A Xunta de Facultade delega na Comisión de Título, que de acordo coa Memoria de Grao en Matemáticas pola USC se corresponde coa Comisión de Docencia e Asuntos

Académicos (CDAA), as competencias para establecer os procedementos de elaboración do TFG e a súa avaliación. En particular, no marco do establecido neste regulamento, terá as seguintes funcións:

- Establecer a convocatoria anual
- Determinar os sistemas de titorización
- Aprobar a proposta dos temas e a súa asignación
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou directora, director asignado
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...)
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Aprobar os criterios de avaliación
- Establecer as datas de presentación dos TFG

Artigo 4. Matrícula

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos de Grao, de ser o caso. A matrícula dará dereito a unha soa presentación do traballo.

Para a presentación e defensa pública dos traballos fin de grao será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao. A Facultade verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias do Grao, a secretaria/o da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia a presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento da cualificación dos TFG. En ningún caso procederá a cualificación do TFG en tanto existan materias pendentes de cualificación.

Artigo 5. Dirección dos TFG

Os TFG serán realizados baixo a supervisión dun director ou dunha directora que oriente e asista ao, á estudante. A directora ou o director programará sesións de traballo con cada estudante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor ao, á estudante as características do TFG, e de axudalo no seu desenvolvemento, na procura da consecución dos obxectivos propostos; e de emitir un informe do TFG que teña tutelado.

A CDAA poderá, excepcionalmente e de forma motivada, nomear un codirector, unha codirectora, coas funcións que lles asigne.

A directora, o director será Persoal Docente e Investigador (PDI) con docencia no Grao en Matemáticas ou na Facultade de Matemáticas. Tamén poderá ser PDI adscrito a Departamentos con créditos de formación básica ou obrigatoria no Grao en Matemáticas.

Os TFG poden desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Os TFG desenvolvidos por estudantes da USC noutros centros universitarios, no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE, ...), terán como directora, director á coordinadora, ao coordinador do intercambio.

Artigo 6. . Propostas dos TFG

A CDAA arbitrará as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que cada estudante en condicións de realizar o TFG poda facelo. En particular velará pola dispoñibilidade de oferta de propostas de TFG, correspondentes ó POD de cada curso.

A tal fin, a CDAA fará unha estimación sobre o número de propostas de TFG necesarias para cada curso académico, incrementadas nun 25% para favorecer as opcións de escolla do alumnado; e establecerá tamén o número mínimo de Propostas de TFG que corresponde presentar a cada unha das áreas de coñecemento adscritas á Facultade.

Os Departamentos enviarán as propostas de Traballos á CDAA antes do 30 de maio. A CDAA estudará as propostas presentadas e aprobará a oferta dos TFG, podendo, de estimalo conveniente, axustala, en aras a conseguir unha proposta equilibrada. Publicará a lista de propostas resultante antes do 20 de xuño.

Cada proposta irá acompañada da seguinte información:

- a) Título do Traballo.
- b) Directora, director do Traballo.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Recomendacións (materias aprobadas, cursar determinadas materias, etc.).

No caso do TFG a desenvolver no marco de convenios con empresas ou institucións ou de intercambio de estudantes, a CDAA poderá axeitar a información requirida ás circunstancias concretas.

Artigo 7. Asignación de Propostas

Os estudantes matriculados no TFG poderán elevar á CDAA unha solicitude de asignación de Traballo.

A tal fin, cada estudante cubrirá un formulario, dirixido á decana/o da Facultade, no que figurará o listado completo dos traballos ofertados, listado que cada estudante deberá numerar por orde de preferencia. O formulario entregarase na Secretaría da Facultade nos prazos fixados a tal fin pola CDAA. Haberá un prazo por cada período de matrícula ordinaria.

A asignación de propostas realizarase tendo en conta as preferencias expresadas na petición de asignación, en base ao expediente académico de cada solicitante.

Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudante deberá contactar coa directora ou director do TFG a fin de delimitar o traballo a realizar no TFG. Estudante e director/a asinarán un *documento de inicio do traballo*, que remitirán á CDAA, a través da Secretaría da Facultade no prazo dun mes desde a aprobación da asignación, coa seguinte información:

- a) Referencia do Traballo
- b) Breve planificación.
- c) Declaración de aceptación
- d) Sinatura do profesor/a e do alumno/a, e data

Artigo 8. Modificacións

De modo excepcional, estudante e/ou director, directora poderán solicitar a anulación da asignación do TFG, ou cambio de proxecto baixo a mesma ou diferente dirección, mediante escrito razoado remitido á CDAA e presentado no Decanato. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Artigo 9. Requisitos para a Presentación do TFG

Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superado todos os outros créditos necesarios para o título de grao, isto é, a lo menos 228 ECTS, e estar matriculado do TFG.

Tras consultalo co seu director/a, cada estudante solicitará a defensa do TFG en instancia dirixida á decana/o, no prazo fixado a tal fin pola CDAA en cada convocatoria. A solicitude irá acompañada de tres copias do TFG, xunto cunha copia electrónica en formato PDF que quedará arquivada no Centro. Recibida a solicitude, comunicarase tal feito ao director/a do TFG, de quen se requirirá un informe confidencial, que estará á disposición do Tribunal.

Artigo 10. Documentación a Presentar

A Memoria presentada amosará o traballo desenvolvido polo estudante.

A Facultade poderá establecer un formato común para algúns dos elementos da Memoria, particularmente, portada e primeira folla. En calquera caso, deberá adoptar, de forma aproximada, a seguinte estrutura:

- Portada na que figuren: denominación do Grao, título do traballo, nome completo de autor/a, director ou directora, e curso académico correspondente.
- Índice dos capítulos e apartados.

- *Abstract* ou resume (unhas 200 palabras) na lingua usada e en inglés (de estar redactado en inglés, nalgunha das linguas oficiais de Galicia).
- Introducción
- Contidos
- Bibliografía consultada.

Artigo 11. Caducidade

O estudante que non teña solicitado a defensa do seu TFG en ningún dos prazos previstos no curso académico poderá solicitar dentro do seguinte prazo ordinario de asignación de TFG, mediante escrito razoado á Comisión de Docencia e Asuntos Académicos e co visto e prace do Director/a do TFG, prórrogas anuais para a continuación da validez do proxecto.

Transcorrido o prazo sen a realización da solicitude de prórroga, o estudante decaerá nos seus dereitos respecto do proxecto de TFG asignado, declarándose este caducado. Neste caso, o estudante deberá iniciar de novo o procedemento previsto nesta normativa.

Artigo 12. Tribunais

Os traballos serán avaliados por un tribunal composto por tres profesores da USC que impartan docencia no Grao en Matemáticas, do que non poderá formar parte o director/a do traballo.

Nomearase un mesmo Tribunal para TFG con contidos afíns.

Os membros dos Tribunais encargados de avaliar os TFG, e os suplentes, serán nomeados polo decano/a, a proposta da CDAA. Do total de membros titulares non poderá haber máis de dous da mesma área

Artigo 13. Exposición

A CDAA aprobará e publicará, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico, o período das exposicións.

Entre a solicitude de defensa e a exposición do traballo deben mediar, polo menos, 7 días naturais.

A exposición do TFG realizado terá unha duración recomendada de 20 minutos por estudante, e terá carácter de acto público. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes. A orde da primeira intervención será a seguinte: secretario/a, vocal e presidente/a. A dinámica do resto do debate quedará baixo criterio do presidente/a do Tribunal.

O centro reservará os medios necesarios para a defensa do TFG (aula, medios de proxección, conexión a rede) nas datas oficiais indicadas para a súa exposición.

Artigo 14. Criterios de Avaliación

O Tribunal poderá invitar ás deliberacións á directora, ao director do traballo e á codirectora, codirectora, no seu caso, e a profesores especializados no tema sobre o que verse o traballo, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal realizarán un informe, segundo o modelo que se elaborará para estes efectos, no que avaliarán os seguintes aspectos:

- a) Calidade do Proxecto: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, dificultade, conclusións, etc.
- b) Relación do traballo cos contidos propios da Titulación de Grao en Matemáticas
- c) Presentación escrita do TFG: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc), estruturación e completitude, corrección, etc.
- d) Presentación Oral: concisión, claridade, capacidade de debate e defensa do TFG, etc.

Artigo 15. Cualificación

A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

A cualificación final do TFG obterase como media aritmética (aproximada cunha cifra decimal) das cualificacións outorgadas polos membros da Comisión. Os traballos terán as seguintes cualificacións:

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,0-8,9: Notábel

9,0-10: Sobresaliente

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de grao do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse *matrícula de honra* a aqueles traballos que obtiveran unha cualificación superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico. Se o número de estudantes é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

Cando se constitúan distintos tribunais para avaliar os traballos de fin de grao, será a CDAA, unha vez celebrada a última convocatoria, a que decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Artigo 16. Actas

Elaborarase unha acta individual por cada estudante e TFG, no que constará o Tribunal cualificador e o título do traballo, así como a súa cualificación e data de defensa. A acta estará asinada por cada membro do tribunal.

As actas estarán abertas e deben ser cubertas nos tres períodos (xullo, setembro e Febreiro) establecidos para tal finalidade.

O alumnado matriculado que non optara por ningunha das convocatorias, figurará na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención *non presentado*, acta que deberá ser asinada pola decana/o.

Artigo 17. TFG desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes

Os alumnos e as alumnas de intercambio poderán matricularse nesta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios de Estudantes da USC.

Artigo 18. Revisión das cualificacións

No momento de facer pública a cualificación, o Tribunal fixará unha data de revisión da mesma. Entre o anuncio e a data de revisión deberá mediar, cando menos, dous días lectivos; e deberá facerse nun prazo que permita cumprimentar a acta no tempo estipulado.

Artigo 19. Copias do TFG

Cando a defensa do TFG sexa superada, unha copia do traballo quedará na Facultade para o seu arquivo, outra copia será para o Departamento ó que pertenza o director/a, e a restante enviarase á Biblioteca da Facultade.

No caso de realización do TFG a través de convenios de intercambio de estudantes deberán entregarse dúas copias á CDAA, unha para o seu arquivo na Facultade, outra para a Biblioteca.

Artigo 20. Uso dos TFG

O traballo e os desenvolvementos do TFG poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de Compostela, sempre con mención expresa aos seus autores.

Artigo 21

A CDAA proporcionará modelos oficiais para todos os aspectos relacionados co TFG. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

Disposición Final

A Comisión de Docencia e Asuntos Académicos é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario.